

PENDENTES MATEMÁTICAS 1º ESO	27/05/2026	TOTAL	SUMA	NOTA
PROBA FINAL		12		
NOME		GRUPO		

**Nota: Nos exercicios do 1 ao 7 non se poderá utilizar a calculadora.**

1. Atopar o máximo común divisor (MCD) e o mínimo común múltiplo (mcm) dos números 144, 120 e 216.
2. Calcular o valor das seguintes potencias e raíces:  
 i.  $3^3$       ii.  $1^{500}$       iii.  $5.500^0$       iv.  $\sqrt{2.500}$       v.  $\sqrt{144}$
3. Obter o valor das seguintes expresións utilizando de xeito adecuado as propiedades das potencias:  
 i.  $(2^3)^4 : (4^3 \cdot 4^2)$       ii.  $[(-48)^2 : 4^2] : 6^2$
4. Calcular as cantidades que corresponden aos seguintes enunciados:  
 i. canto é  $\frac{5}{8}$  de 128 € ?      ii. cal é o total se  $\frac{3}{5}$  son 39 kg ?
5. Maria le o domingo a cuarta parte dun libro e o luns le outros  $\frac{2}{5}$ . Calcular a fracción que leu entre os dous días e a que lle falta por ler.
6. Obter o valor das seguintes expresións racionais simplificando o máximo posíbel:  
 i.  $\frac{1}{12} - \left(2 - \frac{3}{5}\right) - 3$       ii.  $4 \cdot \left(\frac{1}{5} - 2\right) : \left(\frac{1}{2} + 3\right)$
7. Facemos nun coche a viaxe de Muros a Ourense, e sabemos que de Muros a Santiago hai 58 km e consumimos 2,9 l de gasolina. Calcular a distancia de Santiago a Ourense se sabemos que nese tramo o consumo foi de 5 l de gasolina, supoñendo que ambas magnitudes son proporcionais.
8. Por pintar unha casa cobran-nos 16.000 €, ao que lle hai que engadir o IVE do 21%. Calcular o importe total da obra.
9. Expresar en linguaxe alxébrica os seguintes enunciados:  
 i. dúas quintas partes parte dun número máis o seu cubo;  
 ii. a metade da idade que tiña unha persoa hai 5 anos.
10. Resolver a ecuación  $2(1-x) - \frac{x}{2} = 3x$ .
11. Sábese que unha entrada ao teatro en palco custa 5€ mais que no pátio de butacas. Calcular o prezo das entradas en palco e en butaca sabendo que por 2 entradas de palco e 3 de butaca pagamos 110€.
12. Calcular a área e o perímetro do trapéicio da figura.

